

**En caso de emerxencia médica:**

- Avise a conserxaría **88 101 5598 – Extensión 5598**
- No caso de non poder contactar coa conserxaría chame ao Servizo de seguridade **699 400 028 – 88 101 1030- Extensión 1030**
- Se a emerxencia é moi grave chame en primeiro lugar a Emerxencias: **112**


**Persoal de conserxaría:**

- Avisa ao Decano/a, Director/a ou Responsable do centro, e ao Servizo de seguridade
- Localiza ao persoal con formación en primeiros auxilios (se o centro dispón del)

**Persoal con formación en primeiros auxilios:**

- Colle a caixa de urxencias e vai ao encontro da persoa ferida
- Fai unha valoración da emerxencia médica
- Informa ao Decano/a, Director/a ou Responsable do centro, sobre se necesita a utilización dun DESA ou a presenza de Emerxencias Médicas
- En caso necesario, chama a Emerxencias **112** para recibir instrucións do persoal médico


**Decano/a, Director/a ou Responsable do centro:**

- Manda buscar un DESA e/ou solicita a presenza de Emerxencias Médicas, en caso necesario

**Localización dos DESA máis próximos (Elviña):**
**PAVILLÓN DEPORTIVO \_Conserxaría**


CP 15008 – Elviña  
 Coordenadas GPS: 43° 20' 6.1434" N 8° 24' 52.4154" W

**PISTAS DE ATLETISMO \_Conserxaría**

CP 15008 – Elviña  
 Coordenadas GPS: 43° 20' 6" N 8° 24' 50.759" W



DESA no vehículo do Servizo de Seguridade do campus



\* Tamén hai un DESA do programa Conecta Coruña do Concello no propio centro, no vestíbulo do acceso da planta baixa

**Asistencia médica en caso de accidente**
**● Persoal da UDC**


Consultar cadros médicos de cada mutualidade



**FREMAP**

Mutua de accidentes (Horario de luns a venres de 8:00 a 20:00)

Atención fora de horario:

**Dirección:**

CABALLEROS, 27-29 (Esq. Ronda Outeiro)

**Localidad:** A CORUÑA

**Código Postal:** 15009

**Teléfono:** (981) 152000



La salud persona a persona

Hospital Quirónsalud A Coruña

C-15-000188

C/ Londres 2

15009 A Coruña (A Coruña)

Citas - 981 219 800


**● Alumnado**

Consultar centros asistenciais e prestacións do seguro escolar na web

UDC ▾ ALUMNADO ▾

ESTUDANTES >>> BENVIDA DO REITOR | GUÍA DO ESTUDANTE | GUÍAS DOCENTES | ESTUDOS E FORMACIÓN | MATRÍCULA | BOLSAS E AXUDAS | PROGRAMA DE MOBILIDADE | ASOCIACIONISMO | SEGUROS | SALAS DE ESTUDO | NORMATIVA E DOCUMENTOS | CONVENIOS E CAMPAÑAS | BIBLIOTECA | EMPREGO | TARXETA TUI | SERVIZOS NA INTRANET



#### **Golpes e contusións:**

- ✓ Se sospeita dunha lesión importante (fractura, escordadura) acudir ao centro médico
- ✓ Aplicar frío para reducir a inflamación

#### **Feridas superficiais:**

- ✓ Lavar a ferida con auga xabonosa
- ✓ Secar con gasa estéril
- ✓ Desinfectar con solución antiséptica
- ✓ Cubrir a ferida con apósito

#### **Feridas moi sangrentas:**

- ✓ Non manipular a ferida
- ✓ Taponar con gasas efectuando compresións directas
- ✓ Acudir ao centro médico

#### **Ataque ao corazón:**

- ✓ Síntomas: dor intensa opresiva no peito, pel pálida e suorenta, posible perda de coñecemento.
- ✓ Avisar ao 112 canto antes
- ✓ Por cómoda a persoa sen que realice ningún esforzo
- ✓ Afrouxar as pezas de roupa axustadas
- ✓ Tratar de que respire normalmente
- ✓ Non darlle nada pola boca

#### **Lipotimia:**

- ✓ Sentalo coa cabeza entre as coxas ou tombado cos membros inferiores elevados
- ✓ Afrouxarlle a roupa
- ✓ Airear o lugar
- ✓ En caso de perda de coñecemento avisar aos servizos sanitarios

#### **Queimaduras:**

- ✓ Arrefriar a queimadura con auga fría durante mínimo 10 minutos
- ✓ Si é extensa ou a pel perde a integridade acudir ao centro médico

#### **Feridas profundas:**

- ✓ Lavar con auga xabonosa ou aplicar gasa con auga osixenada
- ✓ Acudir ao centro médico

#### **Corpos estraños nos ollos:**

- ✓ Lavar con auga abundante
- ✓ Cubrir o ollo con gasa e esparadrapo
- ✓ Acudir ao centro médico

#### **Fracturas:**

- ✓ Evitar calquera movemento innecesario
- ✓ En fracturas abertas cubrir con apósitos limpos antes de inmovilizar
- ✓ Pedir axuda médica

#### **Picaduras de insectos:**

- ✓ En caso de reacción adversa, avisar con urxencia ao 112
- ✓ Extraer o aguillón, se é visible, con axuda dunhas pinzas
- ✓ Limpar a ferida con auga e xabón
- ✓ Aplicar unha gasa empapada en auga fría ou xeo

#### **RCP básica:**

- ✓ Comprobar a consciencia
- ✓ Comprobar a respiración
  - Se non respira:
    - Chamar ao 112
    - Abrir a vía aérea da vítima
    - Realizar series de 30 compresións torácicas